

BASES DE SUBVENCIONES PARA CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPEN EN COMPETICIÓN FEDERADAS DE ÁMBITO NACIONAL PARA O ANO 2021

Entre as competencias atribuídas pola lexislación de réxime local ás deputacións atópase a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social do territorio provincial. O deporte constitúe unha actividade que incrementa a cohesión social, por iso considérase que o pulo provincial á oferta deportiva e o fomento do tecido asociativo deportivo potencian a práctica do deporte e tamén o desenvolvemento local.

Primeira. Obxecto e requisitos

O obxecto destas bases é aprobar as normas polas que se rexen as subvencións para o apoio a clubs deportivos federados da provincia de Pontevedra que participen en categoría nacional na temporada 2020-2021 e, no caso dos clubs que participen en competicións de ano natural, da temporada 2021.

Esta convocatoria é incompatible con outras liñas de subvención da Deputación de Pontevedra (deporte federado de ámbito inferior a nacional, de ámbito náutico e elite) que fagan fronte aos mesmos gastos subvencionados a través desta convocatoria.

Para estas bases realizouse un estudo en colaboración coas federacións autonómicas e nacionais co fin de elaborar unha lista de competicións de ámbito nacional segundo cada modalidade deportiva, no que se establecen os requisitos mínimos necesarios para optar a esta subvención:

- Atletismo: competir en 1.ª división masculina ou feminina
- Bádminton: competir en 1.ª división nacional
- Baloncesto: competir en LEB Prata, en Liga Feminina 2, en Liga EBA A ou en 1.ª división feminina
- Balonmán: competir en 1.ª división nacional masculina ou en división de honra prata masculina ou feminina
- Béisbol: competir en 1.ª división



- Birlos: competir na división de honra da liga Nacional de Bowling
- Fútbol: competir en 3.ª división masculina, 1.ª división nacional feminina ou división de honra xuvenil masculina
- Fútbol sala: competir en 3.ª división nacional masculina, 2.ª división B masculina ou 2.ª división feminina
- Orientación: competir en 1.ª división da Liga Española de Orientación a Pé
- Rugby: competir en división de honra B
- Tenis de mesa: competir en 1.ª división masculina ou feminina ou en división de honra masculina ou feminina
- Voleibol: competir en Superliga 2
- Ximnasia rítmica: competir en 3.ª división da Liga Iberdrola GR
- Ciclismo: os clubs de ámbito nacional deberán ter dado de alta o equipo na Real Federación Española de Ciclismo (elite, sub-23 ou júnior) ou na Unión Ciclista Internacional (UCI).

Os clubs elite, sub-23 ou júnior deberán participar nun mínimo de 5 probas puntuables para as copas, ligas ou clasificación do calendario nacional. Os clubs da UCI deberán participar nun mínimo de 5 probas do calendario UCI (no caso de que as competicións se cancelen debido á actual pandemia sanitaria, o servizo instrutor poderá variar o número de probas necesarias para o ámbito nacional)

- Judo: participar en competicións de ámbito nacional ou internacional, como mínimo cun equipo de categoría sénior, e realizar desprazamentos fóra da comunidade autónoma de máis de 7.500 km durante toda a temporada
- Outras modalidades: de maneira xenérica, nas modalidades non recollidas anteriormente, competir no ámbito nacional dentro da modalidade deportiva pertinente, como mínimo cun equipo de categoría sénior, e realizar desprazamentos fóra da comunidade autónoma e dentro do ámbito estatal de máis de 7.500 km durante a temporada



Nestes dous últimos casos os clubs terán que presentar un documento da federación pertinente no que se certifique a categoría nacional do equipo sénior e as probas do calendario oficial de competición ás que poden asistir (no caso de que as competicións se cancelen debido á actual pandemia sanitaria, o servizo instrutor poderá variar o número de quilómetros necesarios para o ámbito nacional).

Con carácter excepcional, poderase valorar algunha competición de carácter nacional que non apareza na lista anterior, e incluíla noutras modalidades, previo estudo por parte do servizo instrutor para a súa comprobación e validación.

Segunda. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 21/340.3410.489.20 do Orzamento da Deputación para o ano 2021, por un importe total de oitocentos cincuenta mil (850.000,00) euros repartidos segundo unha estimación das solicitudes que se recibirán por cada modalidade. Así, a repartición farase da seguinte maneira:

– Atletismo:	24.000,00 €
– Baloncesto:	110.000,00 €
– Balonmán:	225.000,00 €
– Ciclismo:	90.000,00 €
– Fútbol:	190.000,00 €
– Fútbol sala:	35.000,00 €
– Rugby:	10.000,00 €
– Tenis de mesa:	22.000,00 €
– Voleibol:	17.000,00 €
– Judo:	18.000,00 €
– Outras modalidades:	109.000,00 €



Terceira. Procedemento de concesión

A concesión das subvencións levarase a cabo en réxime de concorrència competitiva, de acordo cos criterios de valoración establecidos nestas bases.

En ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases.

A concesión destas subvencións é compatible coas doutras administracións públicas que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do orzamento que presente o club; así mesmo, o importe máximo concedido en ningún caso poderá superar o 40 % do orzamento total presentado.

Ademais, límitase o importe máximo de subvención que se recibirá segundo categoría (anexo I)

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán optar a estas subvencións os clubs deportivos federados que, ademais de cumprir os requisitos estipulados na base primeira, cumpran os seguintes:

- Carecer de fins de lucro
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa Deputación
- Estar inscritos no Rexistro de entidades deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte no ámbito territorial da provincia de Pontevedra
- A modalidade practicada polos clubs deportivos federados debe estar implantada na provincia de Pontevedra
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollida na lei



Non poderán beneficiarse destas subvencións os clubs deportivos que teñan pendentes de xustificar subvencións concedidas no ano 2020 para o mesmo programa.

Quinta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Se a solicitude se presenta de forma presencial requiriráselle que a emende mediante a súa presentación electrónica. Para este efecto, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Cada club poderá presentar unha única solicitude dunha modalidade deportiva concreta.

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria e do extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes
- DNI ou NIE da persoa representante legal do club
- Inscripción no Rexistro de entidades deportivas da Secretaría Xeral para o Deporte no ámbito territorial da provincia de Pontevedra



- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA)
- Certificado de estar ao corrente do pago da Seguridade Social

Oitava. Documentación

As entidades solicitantes deberán achegar coa solicitude (na que se inclúe o orzamento de gastos subvencionables, a declaración responsable e os datos bancarios) a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola federación correspondente na que se detallen os criterios de valoración específicos e previstos na base décimo segunda (licenzas), e na que se certifique que o club compite en ámbito nacional cumprindo os requisitos da base primeira, segundo o modelo previsto no anexo II. Excepcionalmente, aqueles clubs de modalidades deportivas que se desenvolvan durante o ano natural deberán presentar o certificado da federación correspondente ao ano 2021. No caso de que non se poida presentar o devandito certificado, a persoa representante legal do club deberá achegar unha declaración xurada cos datos requiridos na base décimo segunda desta convocatoria para competir no referido ano e no momento da xustificación deberá presentar inescusablemente o certificado da federación correspondente.
- Titulacións das adestradoras e adestradores con licenza indicada no certificado federativo: para que as licenzas das adestradoras/es sexan válidas deberán acompañarse das súas titulacións pertinentes.
- Na modalidade de ciclismo os clubs terán que presentar unha declaración na que certifiquen que van participar como mínimo en 5 probas puntuables para as copas, ligas ou clasificacións do calendario nacional no caso de clubs elite, sub-23 ou júnior, ou nun mínimo de 5 probas do calendario UCI no caso dos clubs UCI, segundo o modelo previsto no anexo III. Deberase participar con licenzas e equipos dados de alta como tales na federación galega ou española de ciclismo. No momento da xustificación terán que presentar un certificado expedido pola federación correspondente no que se acredite a asistencia a ese mínimo de 5 probas cos seus equipos dados de alta correctamente.



- No caso de judo e doutras modalidades, para poder solicitar a subvención as entidades solicitantes deberán acreditar estes dous documentos:

- 1) Calendario de competición oficial
- 2) Anexo IV: declaración do club dos desprazamentos a competicións oficiais federadas fóra da comunidade autónoma cun mínimo de 7.500 km, así como do número de persoas desprazadas.

Debido á situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19, desde a Deputación de Pontevedra enténdese a dificultade ou imposibilidade de asistir a competicións mentres dure a pandemia, polo que, se o club non alcanzase o mínimo de 7.500 km esixidos na súa previsión, deberá achegar unha declaración na que se indiquen as probas ás que non se puido nin se poderá asistir debido ás restricións impostas polo Goberno.

A documentación complementaria deberá entregarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos presentados. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas entrega a documentación complementaria presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para este efecto, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Nos supostos de imposibilidade material para obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, antes de formular a proposta de resolución.



Novena. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra realizará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectuarse electronicamente a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada que no prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

Décimo primeira. Gastos subvencionables

No tocante ao orzamento, que se integra na solicitude de iniciación, este debe ser unha estimación dos gastos subvencionables por esta convocatoria, recollidos a continuación, referido á modalidade deportiva correspondente e ao tipo de temporada do club: poderá



entregar o orzamento do ano natural 2021 ou ben pola temporada partida 2020-2021, o cal condicionará os gastos que deberá presentar posteriormente na xustificación. Ademais, con respecto a este punto e para a xustificación, os clubs deberán ter en conta dúas premisas:

- Deberán presentar unha estimación o máis axustada posible á realidade, xa que terán a obriga de xustificar o 100 % dos gastos incluídos no orzamento; en caso contrario, aboarase soamente a parte proporcional da subvención concedida.
- O orzamento presentarse desagregado polos conceptos indicados no formulario de solicitude (gastos subvencionables por esta convocatoria). A desviación máxima no custo dos diferentes conceptos de gasto presentados na xustificación non poderá superar o 20 % con respecto ao orzamento inicial. Neste último caso, levarase a cabo a redución pertinente.

Serán subvencionables os seguintes gastos:

- Federativos: licenzas, mutualidades, inscricións, arbitaxes, sancións, seguros canon
- Materiais: material deportivo funxible que non se considere inventariable (vestimenta, material para adestramento...)
- Asistencia a adestramentos e competicións: desprazamento, aloxamento, manutención
- Adestramento específico e prevención de lesións
- Aluguer de instalacións para adestramentos ou competicións
- Gastos correntes de instalacións propias: luz, auga, gas
- Gastos derivados da contratación do persoal necesario para o funcionamento do club
- Gastos de ambulancias e/ou gastos sanitarios
- Seguros
- Reparacións e mantemento de material e vehículos do club
- Organización de eventos deportivos non subvencionados por outras liñas
- Gastos relacionados coa publicidade e coa xestión administrativa da competición (teléfono, imprenta, material administrativo...)
- Outros gastos menores, como publicidade, farmacia, lavandería, formación, asesoría etc.



Non serán obxecto de subvención os seguintes gastos:

- Eventos deportivos singulares que poidan ser obxecto de subvención a través doutras convocatorias
- Adquisición de bens inventariables
- Gastos derivados das atencións protocolarias ou de viaxes de lecer
- Gastos financeiros
- IVE, cando este sexa deducible
- Outros gastos non incluídos no apartado anterior

Décimo segunda. Ponderación e criterios de valoración

As subvencións determinarase coa ponderación e cos criterios que se detallan a continuación:

Ponderación:

Orzamento de gastos subvencionables	60 %
Licenzas federativas	40 %

Criterios de valoración:

Orzamento de gastos subvencionables:

Establecerase 1 punto por cada euro presentado do orzamento de gastos subvencionables. O valor do punto calcularase dividindo o 60 % do importe destinado a cada modalidade entre a suma total dos orzamentos presentados por todas as entidades solicitantes.

Licenzas federativas:

Valoraranse as diferentes licenzas do club de acordo coa seguinte táboa de puntuacións:



Licenzas totais	1 punto / licencia
Licenzas federativas de categoría nacional (para estas bases as licenzas federativas de categoría nacional serán as estipuladas no apartado 1 destas bases)	20 puntos por cada licenza de categoría nacional 1
	10 puntos por cada licenza de categoría nacional 2
Licenzas federativas de categoría base ou formativa (para estas bases as licenzas federativas de categoría base ou formativa son ata os 16 anos, desde o ano 2005 incluído)	1 punto / licencia
Licenzas federativas de técnicas/os e adestradoras/es (a entidade deportiva deberá presentar copias dos títulos correspondentes ou computaranse como nivel 1)	10 puntos / licencia (nivel 3 ou licenciatura/grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte)
	5 puntos / licencia (nivel 2 ou diplomatura/grao en Educación Física)
	1 punto / licencia (nivel 1)
Licenzas federativas femininas	1 punto / licencia
Licenza federativa de deporte adaptado (deberá achegar o documento que a acredite)	10 puntos / licencia

A relación de categorías por cada modalidade deportiva poderase comprobar no anexo I.

O valor do punto calcularase dividindo o 40 % do importe destinado a cada modalidade entre a suma total dos puntos alcanzados por todas as entidades solicitantes en función das súas licenzas.

Décimo terceira. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Deportes, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales fará un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo a puntuación dos criterios



específicos sinalados na base décimo segunda e explique o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Unha vez valoradas todas as solicitudes, Intervención realizará un informe de fiscalización de todos os expedientes e do informe-proposta.

Posteriormente, a comisión de valoración das solicitudes de subvención realizará un estudo do informe-proposta do xefe do Servizo de Deportes. Este órgano colexiado estará composto por:

- Presidente: o deputado delegado da área de Deportes
- Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Deportes e un do persoal técnico do Servizo de Intervención
- Secretaria ou secretario: un membro do funcionariado do Servizo de Deportes, que actuará sen voto

A comisión de valoración poderá:

- Obter cantos informes estime necesarios para resolver
- Emitir un informe respecto das solicitudes de subvención

A concesión das subvencións levarase a cabo a través do procedemento de concorrencia competitiva establecido no artigo 22.1 da LXS.

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente.

Décimo cuarta. Publicación de actos

O acto de resolución do procedemento será obxecto de publicación e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as persoas interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada a solicitude de subvención por silencio administrativo.



Décimo quinta. Xustificación e pago

Unha vez notificadas as subvencións concedidas, as entidades beneficiarias deberán xustificalas da seguinte maneira:

- Se a modalidade deportiva se corresponde coa temporada 2020-2021 xustificarse dentro dos 3 meses seguintes desde o final desta e, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2021
- Se a modalidade deportiva se corresponde coa temporada 2021 (ano natural) xustificarse antes do 31 de marzo de 2022

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación, obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

- a) Conta xustificativa, na que se relacionarán os conceptos de gastos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude, segundo o modelo previsto nos anexos V e VI
- b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; en cada factura indicarse o número de unidades, os prezos unitarios e o prezo total de cada unidade. As devanditas facturas deberán relacionarse consecutivamente ao comezo da conta xustificativa e terán que entregarse nesa mesma orde e nun só arquivo escaneado. No caso de que se presenten máis facturas das solicitadas, a entidade deberá sinalar cales se utilizan para xustificar a subvención concedida por esta Deputación, co fin de evitar duplicidades na xustificación doutras axudas para a mesma finalidade
- c) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento da subvención outorgada, na que se indiquen exclusivamente as actividades realizadas e os resultados obtidos na temporada subvencionada, segundo o modelo previsto no anexo VII
- d) Os clubs que entreguen unha declaración xurada cos datos recollidos na base décimo segunda deberán acreditar o certificado da federación correspondente



- e) Adicionalmente, na modalidade de ciclismo os clubs deberán presentar un certificado da federación que corrobore a declaración de participación entregada coa solicitude, tal e como se solicita na base oitava
- f) Deberán acreditar a debida difusión do financiamento por parte da Deputación para esta actividade, segundo se recolle na base décimo sexta, segundo o modelo previsto no anexo VIII
- g) No caso de judo e "outras modalidades" as entidades solicitantes deberán presentar un certificado expedido pola federación correspondente no que se acrediten os desprazamentos presentados coa solicitude mediante o anexo IV

Para aboar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustificuen gastos polo 100 % do orzamento presentado, aboarase a totalidade da subvención concedida
- No caso de que se xustificuen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención
- A desviación no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado non poderá superar o 20 %. Todo gasto que supere esta marxe non se terá en conta como subvencionable
- En relación co punto d), os clubs que presenten a certificación da federación con datos inferiores aos facilitados na declaración xurada entregada coa solicitude tamén sufrirán a redución proporcional, a condición de que sigan cumprindo cos requisitos mínimos establecidos nestas bases
- No caso de ciclismo, judo e "outras modalidades", se non presentan os certificados de asistencia e desprazamento pertinentes non poderán optar ao cobro da subvención

O pago efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade.

Os gastos presentados na conta xustificativa deben pagárselles ás súas respectivas provedoras e provedores antes de presentar a xustificación da subvención. No caso de que o club non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun mes a partir da percepción da subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se



comprobase que algún dos gastos non se pagou ou se pagou fóra de prazo, estes deixarán de ser subvencionables.

As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa, se poderá empregar o pago en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos (900,00) euros implicará que este se considere non subvencionable.

No caso de clubs que non teñan contabilidade os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.

Para cobrar a subvención os clubs deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Décimo sexta. Medidas de publicidade e difusión

Para estas axudas establécense os seguintes termos obrigatorios en materia de difusión da imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra.

As entidades beneficiarias que reciban subvencións por un importe inferior a 5.000 €:

- 1) Deberán incorporar a imaxe da Deputación de Pontevedra nas camisetas oficiais do equipo polo que se recibe a subvención, nun lugar visible e de forma proporcional ao resto de administracións
- 2) Os clubs que utilicen unha instalación deportiva como locatarios deberán incorporar polo menos dúas lonas coa imaxe corporativa de 3 x 1 m
- 3) Deberán incluír a imaxe corporativa na páxina web e nas redes sociais

As entidades beneficiarias que reciban subvencións por un importe igual ou superior a 5.000 € deberán incorporar a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra en todas as



competicións nas que participen os diferentes equipos do club beneficiario durante a temporada obxecto de subvención, así como nas actividades que poidan organizar; as actuacións serán as seguintes:

- 1) Incorporar a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra nas camisetas oficiais do equipo polo que se recibe a subvención cunha medida mínima de 25 x 8 cm (preferiblemente na parte dianteira da camiseta). Así mesmo, incorporar a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra en toda a indumentaria deportiva da entidade nun lugar visible e proporcional ao resto de logotipos doutras administracións (equipamento de competición do filial ou equipos base, roupa de adestramento, persoal de viaxe ou corpo técnico...). Estas actuacións deberán terse en conta para futuros deseños da roupa deportiva da entidade, no caso de non poder actualizar algunha para a campaña actual
- 2) Naqueles deportes cuxa práctica requira un vehículo ou unha embarcación, como pode ser o caso dos deportes náuticos, dos deportes de motor ou do ciclismo, incluír a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra en todos os vehículos
- 3) Inserir a imaxe corporativa da Deputación na instalación ou no lugar onde se desenvolva a competición de clubs cando se participe como locatario ou organizador. Esta deberá colocarse nun lugar preferente e visible. A continuación, establécense os requisitos para as lonas publicitarias:
 - Os clubs que realicen a súa actividade nunha instalación deportiva de forma habitual como locais deberán colocar nun lugar preferente de cada fondo unha pancarta exclusiva da imaxe corporativa de 5 x 1 m e dúas pancartas en cada lateral das mesmas características
 - Os clubs que realicen a súa actividade nunha instalación non delimitada deberán garantir a presenza da imaxe corporativa mediante outros soportes alternativos, nun lugar preferente e visible, e colocar polo menos catro lonas de 5 x 1 m. En calquera caso, estes clubs deberán situar un panel ou unha pancarta exclusiva dun mínimo de 1 x 0,5 m fóra das instalacións de adestramento ou na sede do club
- 4) Paneis traseiros para eventos ou actos do club, como roldas de prensa, presentacións, comunicacións ou premios: incorporar a imaxe corporativa na mesma proporción que as do resto de colaboradores, tanto en tamaño coma en cantidade



- 5) Incluír a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra no espazo dixital do club, na web (báner) e nas redes sociais (cabeceira ou portada do perfil) e, na medida do posible, sempre que se nomeen administracións ou empresas colaboradoras deberá figurar a Deputación de Pontevedra
- 6) Engadir a imaxe corporativa en todos os carteis do club, tanto de competencias coma de actividades que este poida desenvolver ao longo da temporada, e nos carnés de socias e socios da temporada

Todos os gastos que xere a produción dos elementos publicitarios mencionados correrán a cargo da entidade subvencionada. Esta entidade comprométese a actualizar todos estes soportes publicitarios antes de presentar a xustificación.

A Deputación de Pontevedra, en todo caso, poñerá á disposición das entidades subvencionadas os logotipos oficiais da imaxe corporativa, en www.depo.gal (área de descargas).

No caso de que non sexa posible incluír a imaxe da Deputación de Pontevedra nos termos establecidos, deberá xustificar adecuadamente e propoñer unha alternativa, que requirirá a aprobación e conformidade do Servizo Provincial de Deportes.

As entidades solicitantes deberán ter en conta para futuras actuacións estas medidas de difusión á hora de deseñar novos equipamentos ou calquera outra medida.

Décimo sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas con cargo ao Orzamento provincial teñen as seguintes obrigas:

- 1) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións
- 2) Xustificar o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención. O prazo para realizar a actividade subvencionada será, para a temporada 2020-2021, ata o final desta e, no caso da temporada 2021, ata o 31 de decembro de 2021



- 3) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, e entregar tanta información lles sexa requirida no exercicio desas actuacións
- 4) Dispoñer dos libros contables, dos rexistros dilixenciados e dos demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos se esixan nas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control
- 5) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control
- 6) Realizar as medidas de difusión oportunas. Os logotipos oficiais que se deben inserir están dispoñibles en www.depo.gal (área de descargas/imaxe corporativa)

Décimo oitava. Incumplimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. O feito de non presentar a documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo novena. Devolución e reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse, previa instrución do procedemento de reintegro, entre outros, polos seguintes motivos:

- Obtelas falseando as condicións requiridas
- Non aplicalas aos fins para os que foran concedidas
- Incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases



Vixésima. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o ano 2021 e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo primeira. Normativa aplicable

As subvencións que outorgue a Deputación réxense pola seguinte normativa:

- LXS, nos artigos de carácter básico e na súa normativa tamén básica de desenvolvemento
- Lei de subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento
- Artigos non básicos da LXS e normativa básica de desenvolvemento
- Lexislación de réxime local, estatal e autonómico
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación
- Bases de execución do Orzamento
- Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación

Vixésimo segunda. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun mes, un recurso de reposición ante o órgano que as ditase, que se entenderá como desestimado se transcorre este período sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse no prazo de dous meses un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.



Vixésimo terceira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo cuarta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



Anexo I: Categorias segundo modalidade e importe máximo de subvención que se recibirá

- Atletismo:
 - 1.ª categoría: 1.ª división masculina ou feminina. Máximo de 14.000,00 €

- Rugby:
 - 1.ª categoría: división de honra B. Máximo de 10.000,00 €

- Voleibol:
 - 1.ª categoría: Superliga 2. Máximo de 17.000,00 €

- Judo:
 - 1.ª categoría: requisitos da base primeira. Máximo de 12.000,00 €

- "Outras modalidades":
 - 2.ª categoría: requisitos da base primeira. Máximo de 9.000,00 €

- Baloncesto:
 - 1.ª categoría: LEB Prata e Liga Feminina 2. Máximo de 25.000,00 €
 - 2.ª categoría: Liga EBA A e 1.ª división feminina. Máximo de 15.000,00 €

- Balonmán:
 - 1.ª categoría: división de honra prata masculina ou feminina. Máximo de 25.000,00 €
 - 2.ª categoría: 1.ª división nacional. Máximo de 15.000,00 €

- Ciclismo:
 - 1.ª categoría: UCI Pro Tour. Máximo de 25.000,00 €
 - 2.ª categoría: júnior, sub-23 ou elite. Máximo de 12.000,00 €



- Fútbol:
 - 1.ª categoría: 3.ª división masculina e 1.ª nacional feminina. Máximo de 18.000,00 €
 - 2.ª categoría: división de honra xuvenil masculina. Máximo de 8.000,00 €

- Fútbol sala:
 - 1.ª categoría: 2.ª división B masculina e 2.ª división feminina. Máximo de 6.000,00 €
 - 2.ª categoría: 3.ª división nacional masculina. Máximo de 4.000,00 €

- Tenis de mesa:
 - 1.ª categoría: división de honra masculina ou feminina. Máximo de 6.000,00 €
 - 2.ª categoría: 1.ª división masculina ou feminina. Máximo de 2.000,00 €

